Actividade: _____ **Data:** _____

Nome: _____ **Puntuación:** _____

Rúbrica da exposición oral

	EXPERTO (9-10)	**AVANZADO (7-8)**	**SUFICIENTE (5-6)**	**ESCASO (1-4)**
PRESENTACIÓN	Preséntase de xeito formal. Expón o tema con claridade. Presenta o obxectivo que pretende e crea interese na audiencia. *(2)* ☐	Preséntase e comeza a exposición expoñendo o tema brevemente. *(1.6)* ☐	Preséntase e menciona o tema que vai tratar. *(1.2)* ☐	Empeza a exposición sen facer unha presentación inicial. *(0,8)* ☐
EXPRESIÓN (adecuación ao rexistro; coherencia e cohesión; riqueza léxica)	A expresión é correcta na sintaxe e no léxico. Utiliza un vocabulario rico e variado axeitado ao estándar e rigoroso. Percíbese un esforzo na preparación da expresión. A exposición é clara e coherente. *(2)* ☐	A expresión é correcta. Percíbese preparación e ensaio da expresión. O vocabulario é axeitado pero non moi variado. Comete algúns erros puntuais na sintaxe e no vocabulario. A exposición é coherente. *(1.6)* ☐	Manexa un vocabulario moi básico. Comete erros sintácticos e léxicos. Percíbese pouca preparación. A exposición enténdese pero presenta incoherencias. *(1.2)* ☐	Ten un vocabulario moi básico. Presenta erros léxicos e sintácticos que non permiten percibir a mensaxe con claridade. Nótase que non hai preparación. *(0.8)* ☐
ORALIDADE (vocalización; fluidez verbal; fonética; entoación)	Vocaliza, utiliza un volume adecuado. Fala con fluidez e pronuncia con corrección os fonemas galegos. Entoa de maneira natural e coas características propias do galego. *(2)* ☐	A vocalización é clara e o volume axeitado. Comete erros na pronuncia (na entoación e nos fonemas) mais en xeral é correcta. *(1.6)* ☐	A vocalización é mellorable. Ten erros de pronuncia (na entoación e nos fonemas). *(1.2)* ☐	Escasa fluidez expositiva e pouca claridade. Moitas dificultades na entoación e na fonética. *(0.8)* ☐
CONTIDO (información organizada e elaborada; dominio do tema; profundidade; fontes)	Contido amplo exposto con claridade e organización. Achega referencias e ten interiorizados os contidos.s. *(2)* ☐	Expón con claridade. Os contidos están traballados pero non son moi amplos. Fai pouca referencias e profundiza pouco. *(1.6)* ☐	A información está moi pouco traballada e os contidos son escasos e tratados con mínima profundidade. *(1.2)* ☐	Os contidos non están traballados, non hai organización. A información é superficial. *(0.8)* ☐
POSTA EN ESCENA (xestualidade; postura; conexión co auditorio)	A exposición acompáñase dunha postura corporal correcta e expresiva. Mantén o contacto visual co público. O ton é axeitado. *(2)* ☐	A postura é correcta. Hai problemas co control da xestualidade e co contacto visual co público. *(1.6)* ☐	A postura e a xestualidade non son as adecuadas. Escaso contacto visual co público. *(1.2)* ☐	A postura corporal non é correcta. A xestualidade non se adecuada ao contexto e non hai contacto visual co público. *(0.8)* ☐

Notas: